



B D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO **ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON**

FAI SABER:

Na Resolución do 23.09.2022 (DOG núm.189 do 4/10/2022) regúlanse as axudas do **Programa de mellora da accesibilidade nas vivendas do Plan Estatal 2022/25(VI435B):**
Requisitos:

- Persoas físicas ou xurídicas de natureza privada:
a) Propietarias ou usufruturarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila; de edificios ou vivendas de tipoloxía residencial de vivenda colectiva; comunidades de propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal. As sociedades cooperativas, as persoas propietarias que, de forma agrupada sexan propietarias de edificios, empresas construtoras, arrendatarias dos edificios, cooperativas, que acrediten a dita condición. Persoas arrendatarias de vivendas, no suposto de que as obras non sexan de obrigada execución por parte da propietaria.
- **Contía das axudas: O 60 % do custo da actuación. Poderá incrementarse ata o 80 % por discapacidade ou superar os 65 anos.**
- **Documentación necesaria (entre outras):** Proxecto das actuacións que se van realizar, memoria, subscrita por persoa técnica competente, orzamento/s da empresa que realizará a execución das actuacións, suficientemente desagregado/s. Certificado do inicio das obras.

O

PRAZO DE SOLICITUDE: Ata o 07 de novembro do 2022. Preferentemente **por medios electrónicos** a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (VI435B): A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e as comunidades de persoas propietarias e as súas agrupacións.

Información xeral: **Instituto Galego de Vivenda e Solo:**
informacionxeral.igvs.santiago@xunta.gal Teléfonos: 012 / 981 541 981 / 981 957
529 / 981 541 926
Servizos sociais Concello de Porto do Son: 981 867 414
O Alcalde

